

ADEUS À LINGUAXE

[Jean-Luc Godard, 2014]

20

OS OLLOS VERDES

ESTREA EN NUMAX 22.05.2015 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Adieu au langage, 2014, 67'

Dirección, guión e montaxe: Jean-Luc Godard

Reparto: Héloïse Godet, Kamel Abdelli, Richard Chevalier, Zoé Bruneau, Christian Gregori, Jessica Erickson

Fotografía e son: Fabrice Aragno

Dirección de arte: Fabiano D'Amato

Vestiario: Maria Muscalu

Música: Phill Zagajewski

Produtora: Wild Bunch (Francia)

Distribuidora: Vértigo Films

Estrea en España: 28.11.2014

Formato de proxección: DCP 4K, 1,85:1

«Unha reflexión
estimulante e lúdica sobre
o estado do mundo e as
posibilidades da imaxe»

Scott Foundas, Variety

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

Film Socialisme, 2010

Notre musique, 2004

Liberté et patrie, 2002 [curta]

Éloge de l'amour, 2001

Histoire(s) du cinéma, 1997-1998

Je vous salue Sarajevo, 1993 [curta]

Ici et ailleurs, 1976

Six fois deux / Sur et sous la

communication, 1976 [serie tv]

Numéro deux, 1975

Tout va bien, 1972

A Letter to Jane, 1972

1 P.M., 1971

British Sounds, 1970

Un film comme les autres, 1968

La chinoise, 1967

2 ou 3 choses que je sais d'elle, 1967

Pierrot le fou, 1965

Vivre sa vie, 1962

À bout de souffle, 1959

SINOPSE

a idea é simple
unha muller casada e un home solteiro
atópanse
ámanse, discuten, voan puñadas
un can vaga entre a cidade e o campo
pasan as estacións
o home e a muller atópanse de novo
o can está canda eles
o outro está nun
un está no outro
velaqué os tres
o antigo marido estrágo todo
empeza o segundo filme
igual ca o primeiro
e porén non
da especie humana pasamos á metáfora
e daremos en ladridos
e laios de bebé
Jean-Luc Godard



ADEUS Á LINGUAXE

[Jean-Luc Godard, 2014]

A LAGOA E O DESERTO Declaracións de Fabrice Aragno recollidas por teléfono por Gaspard Nectoux

Fabrice Aragno (non de todo director de fotografía, nin sonidista, nin etalonador, pero todo xunto asemade), convértese no colega-sparring de Godard desde *Notre musique*, no que foi rexedor da parte final, filmada na lagoa. De alí en diante, como nos di «Godard non indica que debemos facer, senón todo o contrario: ‘cando non saibades que facer, probade cousas’». Nunha especie de *petit comité* experimental e confidencial, o cineasta e máis el reinventaron a súa propia relación coa técnica, dos 35mm. ao dixital, das mini-cámaras ao 3D.

A materia nas mans

Desde *Film Socialisme*, a procura dunha imaxe contrastada, dinámica, trae canda si a multiplicación de aparatos antes e durante a rodaxe. Unha Sony para as escenas do garaxe Martin e varias para o paquebote: remexidas, unha Canon 5D, unha tablet Arcos, un Samsung NV24, unha Panasonic *snapshot*... Tanto teñen as prestacións («estas cámaras non son boas desde o punto de vista dun *profesional da profesión*»), só importa a paleta de materiais que se obtén delas. Se os reflexos que produce a imaxe dixital lles interesaron a moitos cineastas tecnófilos, é a súa novidosa pictorialidade a que perseguen Godard e Aragno, quen compara a Sony coa acuarela («mesmo se aínda isto lle queda algo grande, porque a imaxe é bastante esbrancuxada») e a 5D co carbón («pouca profundidade de campo, o trazo é máis preciso, así que facemos trazos»). Para cada plano, o cineasta escolle unha cámara e unha materia.

Ás probas do 3D caseiro (primeiro feitas a partir dos manuais da cámara, e despois para alén deles), en *Adeus á linguaxe* engádense novas cámaras. Na filmación, «o plano principal encádrao Godard coa 5D», pero próbase moito con outras máquinas desde distintos ángulos «en función do tempo que teñamos entre as tomas para nos dicir: ‘imos ver se probando así...’». Nos créditos aparecen seis cámaras e todas as súas imperfeccións quedan recollidas na materia fílmica, mais non se trata

de provocalas: «non traballamos cun rigor conceptual estreito, procurando as imperfeccións a toda costa». As imaxes van collendo, en función da resposta de cada cámara, algo da Flip Mino «contrastada, con textura», da Sony «máis ben de imaxes lavadas, pero cuns claros escuros máxicos», da Fuji e da súa «neve verdecente con cores saturadas», e mesmo absurdos propios das novas tecnoloxías, como cando Aragno filma a segunda parte do filme coa Canon 4K, nec plus ultra, onde a función «Log» dá unha imaxe máis plana pero moito máis rica en información: «Pensaba que acadaría moita máis luz da que expuxera, pero acabamos por ter bastante máis gran que de ficarmos coa 5D. Mais trabucarnos de cámara permitiunos obter unha materia moito máis interesante que se filmáramos todo axustado cos parámetros correctos». (...)

Godard monta el só, conta Fabrice Aragno, «compondo o filme coma nas *Histoire(s) du cinéma*, cun pequeno equipo analóxico que xa vai vello, que lle permite saturar as cores», reinventando as impurezas «fuchicando nos cabos eléctricos para que os cortocircuitos provoquen distorsións na imaxe» e, logo da conformación en HD que fai Aragno, volve a darlle os últimos retoques na etalonaxe. Deste xeito, é nesta súa última etapa que Godard semella darlle continuidade ás procuras plásticas das *Histoire(s)*, onde a posproducción serve para acentuar a pictorialidade da que o fornece a técnica.

Fragmentos de «Le lac et le désert. Propos de Fabrice Aragno», Gaspard Nectoux, *Cahiers du cinéma*, no. 702, juillet-août 2014, Paris. Tradución ao galego do orixinal francés de Ramiro Ledo Cordeiro

MATERIAIS

NA NOSA LIBRARÍA

Passage du cinéma 4492, Annick Bouleau
Un año ajetreado, Anne Wiazemsky

FILMES DE JLG:

Adiós al lenguaje [DVD]
Film socialisme [DVD]
Godard. Ensayos [DVD]
Godard. Ficciones [DVD]
Historia(s) del cine [DVD]
Todo va bien [DVD]
La chinoise [DVD]
Diario de una mujer casada libro+DVD
Banda aparte [DVD]

LIBROS DE JLG:

JLG/JLG. POL éditions
Historia(s) del cine. Caja Negra editora
JLG/JLG. Caja Negra editora
2x50 ans de cinéma français. POL éditions
Duras/Godard Dialogues. Éditions du Centre Pompidou

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org